

ACTA Nº 2018/4

SESIÓN Ordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN

- SALON DE PLENOS, sábado 3 de marzo de 2018 -

No día de hoxe, ás 11:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnenos os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria accidental, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SECUNDINO GARCIA CASAL

ASISTEN:

BNG

AMPARO CALVO GONZALEZ

MANUEL VARELA MECIAS

SABELA IÑIGUEZ CINZA

MANUEL BECEIRO COUCE

ANA BELEN BREIXO GUNDIN

XESUS MANUEL SOTO VIVERO

PP

MANUEL ROMERO CASTRILLON

MARIA BELEN TRIGO MEIZOSO

CRISTINA CALVO TUIMIL

PSOE

YOLANDA VAZQUEZ PAZOS

SECRETARIA ACCIDENTAL:

MÓNICA CIBREIRO CANEIRO

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Sométese a aprobación a acta da sesión celebrada o 27 de xaneiro de 2018, que foi posta a disposición das Concelleiras e Concelleiros da Corporación municipal. Non tendo observacións ao respecto, apróbase por unanimidade.

2.- TOMA DE RAZÓN DAS RESOLUCIÓN DAS ALCALDÍA.

Por parte da Secretaria accidental procédese a dar conta da relación de resolucións a disposición das concelleiras e concelleiros ditadas dende a última sesión plenaria, que se corresponden coa numerada desde o 11 ata o 30 do ano 2018, das que se deron conta nas correspondentes xuntas de goberno.

Debido á non convocatoria previa de Comisión informativa de asuntos do pleno, procede a votación

da inclusión de urxencia do resto de puntos da orde do día. A proposta da Alcaldía, a votación realízase de todos os puntos en conxunto, aprobándose, por unanimidade, a inclusión dos seguintes puntos da orde do día:

3.- DESESTIMACIÓN RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN SOBRE A INCLUSIÓN DUN BEN NO INVENTARIO MUNICIPAL.

Consta no expediente a proposta da Alcaldía que se reproduce a continuación:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR FERNANDO BARRO SABÍN O ACORDO DO PLENO DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO DO 11 DE NOVEMBRO DE 2017 POLO QUE SE ELEVA A DEFINITIVA A APROBACIÓN DO SEU INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS

(A ELEVAR A PLENO)

Visto o recurso de reposición interposto con data 29 de xaneiro de 2018 por Fernando Barro Sabín no seu propio nome e dereito, e en beneficio da comunidade hereditaria que ten constituída cos seus irmáns Ángel Barro Sabín e Pablo Barro Sabín, contra o acordo do Pleno do Concello de San Sadurniño do 11 de novembro de 2017 polo que se eleva a definitiva a aprobación do seu inventario municipal de bens, e atendendo aos seguintes

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- *Con data do 2 de setembro de 2017, o Pleno do Concello acordou aprobar o seu Inventario de Bens, ordenando a súa exposición pública polo prazo de corenta e cinco días naturais, a efectos de que posibles interesados puideran consultalo e formular, no seu caso, as solicitudes de modificación, reclamacións ou propostas que se considerasen oportunas. Este acordo do Pleno do Concello foi publicado no Boletín Oficial da Provincia ("BOP") da Coruña do 7 de setembro de 2017. No devandito Inventario incluíase como ben municipal a "ETAP EN AGRA DE ARRIBA – SAN SADURNIÑO", cos seguintes datos identificativos e descritivos:*

Código do ben:	Nome do ben
1ABT0760000005	ETAP EN AGRA DE ARRIBA - SAN SADURNIÑO
Natureza do inmovible: Urbana	
Situación: LG/ AGRA ARRIBA, 3; municipio: San Sadurniño, C.P.: 15560	
Lindeiros:	NORTE: Camiño
	SUR: 5514201NJ725150001YM Sabín García Elena
	ESTE: Camiño
	OESTE: 5514201NJ725150001YM Sabín García Elena
Datos físicos	
Descrición inmovible:	Parcela cunha superficie de 418 m ² , na que se atopa a construción dunha ETAP que ocupa en planta unha superficie de 227,11 m ² . O acceso principal realízase polo seu lindeiro Leste a través do camiño. A construción ten unha superficie útil de 193,46 m ² .

Infraestrutura básica:	Parcela cunha superficie de 418 m ² , na que se atopa a construción dunha ETAP que ocupa en planta unha superficie de 227,11 m ² . O acceso principal realizase polo seu lindeiro Leste a través do camiño. A construción ten unha superficie útil de 193,46 m ² .
Datos do soar	
Superficie do soar: 418 m ²	Data de adquisición: 30/06/1986
Datos da construción	
Superficie construída: 227,11 m ²	Superficie en planta: 227,11 m ²
Data de adquisición: 30/06/1986	

SEGUNDO.- O devandito ben figura inscrito no Catastro coa referencia 5514202NJ725150001GM. Os datos descritivos dese inmovible son os seguintes, segundo resulta da certificación catastral obtida polo Concello con data do 20 de outubro de 2017:

Referencia catastral	5514202NJ725150001GM
Localización	LG AGRA ARRIBA 3 15560 SAN SADURNIÑO (A CORUÑA)
Clase	Urbano
Superficie construída	184 m ²
Ano construción	1950
Valor catastral	7.669,13
Ano valor:	2017
Valor catastral solo	2.322,00 €
Valor catastral construción	5.347,13 €
Data de modificación en Catastro	01/09/1995
Data de alteración	01/01/1986
Expediente	.15/

No referente á titularidade do ben, a certificación catastral recolle os seguintes datos:

Apelidos Nome/Razón Social	Concello de San Sadurniño
NIF/NIE	P1507700A
Enderezo fiscal	LG AGRA ARRIBA 3 15560 SAN SADURNIÑO (A CORUÑA)
Dereito	100,00 % de Propiedade
Data de modificación en Catastro	06/02/2012
Data de alteración	01/01/1986
Expediente	140641.15/12

Este ben denominado "ETAP EN AGRA DE ARRIBA – SAN SADURNIÑO" figuraba xa no Inventario de Bens do Concello aprobado en novembro 1995. En concreto, o citado ben constaba incorporado nese Inventario

cos seguintes datos:

INMUEBLES URBANOS	FINCA Nº23
CLASE Y DENOMINACIÓN:	Depósito regulador abastecimiento de agua.
SITUACIÓN:	Parroquia de San Sadurniño.
EXTENSIÓN:	Superficie construída 227, 11 m ² . Superficie útil 193,46 m ² .
NATURALEZA JURÍDICA:	Bien de servicio público.
FECHA DE ADQUISICIÓN:	Junio de 1.986.
COSTO:	7.882.611 pts.
VALOR VENTA:	11.620.544 pts.
REFERENCIA INVENTARIO:	Plano E, hoja 22
MEJORAS:	Nueva ubicación del depósito, en novembro de 1.986, con un custo de 100.193 pts.
CAMBIOS DE NATURALEZA JURÍDICA:	No
FORMA EXPLOTACIÓN:	Gestión municipal.
REGISTRO PROPIEDAD:	Pendiente
OBSERVACIONES:	

TERCEIRO.- Con data do 20 de outubro de 2017 tivo entrada no rexistro do Concello un escrito asinado por Fernando Barro Sabín polo que este interesado formula a súa oposición á inclusión no Inventario de Bens Municipais do Concello do ben identificado co código 1ABT0760000005, denominado "ETAP EN AGRA DE ARRIBA – SAN SADURNIÑO".

Segundo este escrito, o citado ben era, presuntamente, propiedade dos irmáns Barro Sabín (entre os que se atopa o interesado), quen, segundo se afirma, o adquiriron por herdanza da súa bisavoa.

CUARTO.- Con data do 11 de novembro de 2017 o Pleno do Concello adoptou o seguinte acordo:

"SEXTO. APROBACIÓN DEFINITIVA DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS.

Dase conta da proposta da alcaldía sobre a elevación a aprobación definitiva do inventario municipal de bens, na cal o Sr. Soto fundamenta que durante o ano 2016 San Sadurniño foi incluído nun programa da Deputación provincial polo cal esta financiaba a actualización dos inventarios municipais. No Pleno de maio de 2017 aprobouse expoñelo ao público, de forma que calquera persoa interesada puidese presentar as alegacións que considerase oportunas. O anuncio publicouse no BOP de 15 de maio e a duración da exposición foi de dous meses.

O Pleno na sesión celebrada o 2 de setembro de 2017, acordou aprobar o Inventario de Bens do Concello, que comprende tamén o Inventario de Camiños, ordenando a súa exposición pública polo prazo de corenta e cinco días naturais.

Dentro do prazo sinalado, o 20 de outubro de 2017 Fernando Barro Sabín presentou unha alegación opóndose á incorporación no Inventario da propiedade da parcela onde se sitúa a Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP) de San Sadurniño, co código 1ABT0760000005.

O Concello solicitou un informe técnico externo para determinar a aceptación ou non da alegación. O dito informe conclúe que a ETAP é un ben afectado ao servizo público de

abastecemento de auga, de propiedade municipal, segundo se recolle no inventario municipal de 1995 e no Catastro.

A Sra. Vázquez di que se abstén.

O Sr. Romero consideran que xa que o Secretario está de baixa, esperar a que esté de alta para que faga un informe, polo que propón pospoñelo ó Pleno seguinte.

O Sr. Soto resposta de que non hai elementos de xuízo suficientes para deixar esto enriba da mesa, tendo un informe externo e toda a documentación que integra o expediente, débese rexeitar esta alegación.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de seis votos favorables, dos concelleiros do BNG, e con 3 abstencións dos concelleiros presentes, dous do PP e un do PSOE, acorda:

1º. Rexeitar a alegación presentada por Fernando Barro Sabín o día 20 de outubro de 2017 opóndose á incorporación no inventario da propiedade da parcela onde se sitúa a Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP) de San Sadurniño, co código 1ABT0760000005, debido a que, segundo consta no informe técnico e na documentación existente no Catastro e no inventario de bens, o dito ben é de propiedade municipal.

2º. Elevar a definitivo a aprobación do Inventario municipal de bens do Concello de San Sadurniño, acordada no Pleno municipal celebrado o 2 de setembro de 2017.

3º. Instar á Secretaría-Intervención para que de forma periódica o inventario municipal sexa actualizado cos cambios, baixas e altas que se vaian producindo.

4º. Déase conta do dito acordo aos interesados"

Este acordo do Pleno do Concello foi notificado ao Sr. Barro Sabín con data do 27 de decembro de 2017.

QUINTO.- *Con data do 29 de xaneiro de 2018, o Sr. Barro Sabín interpón un recurso de reposición contra o devandito acordo do Pleno do Concello.*

Aos anteriores antecedentes resultan de aplicación os seguintes

ALICERCES XURÍDICOS

PRIMEIRO.- ADMISIBILIDADE DO RECURSO

1.- *Consonte ao disposto no artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL), os acordos do Pleno poñen fin á vía administrativa e contra eles poderá interperse recurso potestativo de reposición.*

2.- *O recorrente ten a condición de interesado para interpor o recurso de acordo co establecido no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).*

3.- *O recurso foi interposto o 29 de xaneiro de 2018, dentro do prazo dun mes dende a data de*

notificación ao Sr. Barro Sabín do Acordo do Pleno do 11 de novembro de 2017.

4.- Xa que logo, o recurso é admisible ao cumprir co disposto nos artigos 123 e 124 da LPAC.

SEGUNDO.- ALEGACIÓNS DO RECORRENTE

No seu recurso de reposición, o interesado alega:

“Primera.- Que en este trámite y a los efectos del presente recurso, reitera y da por reproducidas íntegramente las alegaciones formulada en su escrito presentado ante ese Ayuntamiento con fecha de 20-10-2017.

Segunda.- Que de la documentación presentada resulta acreditada la propiedad de esta parte sobre la parcela de referencia cuya incorporación al inventario de bienes municipales se pretende.

Tercero.- Que esa Administración Local fundamenta su acuerdo denegatorio en base a informe técnico, documentación existente en el Catastro y en el inventario de bienes, y en su consecuencia, se dice que dicho bien o parcela es propiedad municipal.

Al respecto interesa al derecho de esta parte señalar lo siguiente:

1.- Como cuestión previa, resulta contradictorio en sí mismo que, por una parte se tramite expediente administrativo para la incorporación de dicha parcela como bien municipal y al mismo tiempo se desestime la oposición de esta parte señalando que la parcela de referencia ya es un bien municipal y que ya está inventariada.

2.- El hecho de que una parcela figure en la relación catastral con una determinada titularidad no es título suficiente para acreditar el dominio, como reiteradamente viene señalando la jurisprudencia.

3.- Que esa Administración Local no acredita tener título de transmisión de la referida parcela a favor de ese Ayuntamiento ni consta la existencia de ningún expediente de expropiación al respecto.

Cuarto.- Que en todo caso esa Corporación local no acredita en legal forma la adquisición de la parcela de referencia por ninguno de los medios establecidos en el art. 10 del Rglto. de Bienes de las Entidades Locales, puesto que para su adquisición por cualquiera de esos medios se requiere la tramitación del correspondiente expediente y con audiencia de los interesados, de todo lo cual no existe constancia en esa Administración Local.

Quinto.- Que incluso para su adquisición por prescripción u ocupación [d) y e) del citado art. 10], se requiere igualmente la tramitación de correspondiente expediente administrativo con el procedimiento reglado al efecto, y con audiencia de los interesados. No siendo título suficiente la mera alegación, como se hace en el informe que a la resolución impugnada se acompaña.

Sexto.- Que lo que realmente se pretende por esa Administración Local es dar una pretendida apariencia de legalidad a una confiscación de un bien a sus legítimos propietarios, para incorporarlo a su patrimonio sin pagar precio alguno.

Séptimo.- Que el informe que se acompaña a la resolución que se impugna, y en el que dicha resolución se basa, parece desconocer los principios básicos de la actividad y actuación administrativa, siendo ésta siempre reglada de conformidad con las normas del ordenamiento jurídico (leyes y reglamentos), que exigen siempre el correspondiente expediente y procedimiento administrativo, con audiencia de los interesados y con comunicaciones edictales, por si algún tercero pudiese tener la consideración de interesado en el expediente. Y señalar, como lo hace dicho informe, que el Concello adquirió dicho bien en legal forma, sin acreditarlo, tampoco es título suficiente de dominio.

Tampoco el referido informe refleja la realidad, puesto que recoge que la parcela en cuestión fue adquirida por el Concello en junio de 1986, pero sin embargo no sólo no se acredita título de adquisición sino que además éste no existe. Lo que sí existe es que en el año 1986 se inventarió la obra civil, estación depuradora, como bien municipal, pero no la parcela. Ya que por otra parte la manifestación unilateral de esa Administración Local, en certificación emitida con fecha de 20-01-1999, sobre disponibilidad de terrenos, no es ningún título dominical de propiedad. Finalmente señala dicho informe que el Concello adquirió la parcela en legal forma, pero no se dice en virtud de qué título.

A este respecto señala el art. 20.j) del citado Rglto. de Bienes de las Entidades Locales, que en el inventario de los bienes inmuebles se expresará, entre otros, los siguientes datos:

“j) Título en virtud del cual se atribuyere a la Entidad”.

Y este particular extremo en modo alguno está acreditado.

Octavo.- Se dice que los recurrentes no acrediten título de propiedad, sobre la parcela puesto que ésta figura en el Catastro como bien municipal, ya hemos señalado que la anotación catastral no es ningún título de propiedad, y esta parte aportó un documento, en virtud del cual D^a Josefa Gómez, con fecha de 30-05-1936, liquida en la Oficina Liquidadora de Ferrol, el entonces llamado impuesto de Derechos Reales, devengado por el fallecimiento de su madre D^a Manuela Gómez Barros, en el que se incluye la finca destinada a monte peñascal denominada “Arriba da Casa” de seis ferrados, con indicación de sus lindes. Dicha finca por herencia de D^a Josefa Gómez pasó a sus hijos D. José, D. Cipriano Ángel y D. Enrique Barro Gómez, que fallecidos ellos, y sólo con descendencia D. Cipriano Ángel Barro Gómez, pasó por herencia a sus hijos Fernando, Enrique, Ángel y Pablo Barro Sabín; y fallecido Enrique Barro Sabín, por herencia de éste, sus derechos sobre dicha parcela pasaron a sus hermanos Fernando, Ángel y Pablo.

Noveno.- Que por todo lo anteriormente expuesto, esta parte estima, salvo mejor criterio, que estamos ante un caso de accesión respecto a los bienes inmuebles, y conforme a lo dispuesto en el art. 361 del CC., ya que la edificación se hizo de buena fe, esto es, con consentimiento de la propiedad, procede que el dueño de la obra le abone a la propiedad el precio del terreno,

tramitándose al efecto el correspondiente expediente y procedimiento administrativo”.

Por tales motivos, o interesado solicita que se revogue, anule e deixe sen efectos o anule e se deixe sen efectos o acordo do Pleno do Concello de San Sadurniño do 11 de novembro de 2017 polo que se eleva a definitiva a aprobación do seu inventario municipal de bens, “dejando sin efecto la inclusión de la parcela de referencia como bien municipal hasta que esa Administración Local acredite su adquisición en legal forma y con el pago del precio o justiprecio que proceda”.

TERCEIRO.- O RECURSO DEBE DESESTIMARSE. A INCORPORACIÓN AO INVENTARIO MUNICIPAL DO BEN IDENTIFICADO CO CÓDIGO 1ABT0760000005, DENOMINADO “ETAP EN AGRA DE ARRIBA – SAN SADURNIÑO” É CONFORME A DEREITO

1.- Como sinalan os nosos tribunais véxanse, entre outras, as Sentenzas das Salas do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza (TSX) de Galicia do 26 de outubro de 2005 (recurso nº 4926/2002); do TSX de Oviedo do 14 de xuño de 2016 (recurso nº 155/2016); e do TSX de Castilla-La Mancha (Albacete) do Albacete 29 de xuño de 2006 (recurso nº 360/2003) os artigos 17 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL), obrigan ás Administracións locais a formar o inventario dos seus bens, fixando o contido, estrutura e incluso requisitos formais dese inventario. Mais o RBEL non especifica cales bens e en que casos deben comprenderse no devandito inventario, nin tampouco establece que deban seguirse determinadas prescricións, comunicacións, etc. coas persoas interesadas ou que poda presumirse que teñan algún dereito sobre os citados bens do inventario.

Así, basta con que existan indicios de que os bens que se incorporan a un inventario teñen natureza pública, sen necesidade dunha proba plena desa titularidade, nin tampouco que para esa incorporación do ben sexa preciso que así o declare algún título especial (tales como resolucións xudiciais ou escrituras públicas). E iso porque, como é sabido, a incorporación dun ben a un inventario municipal non ten carácter constitutivo, isto é, non supón adquisición de dominio de ningún tipo.

E tampouco é preciso un expediente previo de investigación cando a Administración non teña dúbida da natureza xurídico pública dun ben, sen prexuízo de que a catalogación como demanial dun ben poda ser combatida ante os tribunais da orde xurisdiccional civil, que é a única competente para decidir todas as cuestións relativas á determinación da propiedade do ben que se incorpore ao inventario municipal.

Todo iso sen esquecer que, como lembra a xurisprudencia do Tribunal Supremo véxanse as Sentenzas da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo do 1 de outubro de 2003 (recurso nº 7253/1999), e do 10 de decembro de 2001 (recurso nº 3967/1997), “la consideración demanial de un bien no viene necesariamente fijada por su inclusión o exclusión en un inventario de bienes de las Entidades Locales, sino por su afección real a un uso o servicio público, siquiera la inclusión en el catálogo pueda en principio apuntar a favor de esa naturaleza. Así la Sentencia de 28 de marzo de 1.989 declaró que la realidad del destino del bien ha de prevalecer sobre la apariencia formal, y las de 5 de abril de 1.993 y 23 de mayo de 2.001 se manifiestan en el mismo sentido”.

En definitiva, a inclusión no inventario municipal dun ben esixe a existencia de indicios suficientes e razoables do seu carácter demanial, sen prexuízo do que podan ditaminar sobre a súa titularidade os tribunais da orde xurisdiccional civil.

2.- No presente caso cabe concluír o Concello podía e debía incluír no seu inventario municipal o ben denominado "ETAP EN AGRA DE ARRIBA – SAN SADURNIÑO" porque no expediente existían suficientes e razoables indicios do seu carácter de ben de dominio público. Eses indicios son os seguintes:

(i) O Concello é o titular catastral do 100 % da propiedade do inmovible dende xuño de 1986, data na que se construíu o depósito de auga municipal sobre o solo do inmovible. Esa adquisición foi incorporada ao Catastro no ano 1995, coincidindo temporalmente coa aprobación do Inventario de Bens do Concello nese mesmo ano. A información catastral actual e a do Inventario de Bens do Concello de 1995 é coincidente no tocante á data de adquisición do inmovible polo Concello no ano 1986.

Asemade, cómpre lembrar que o artigo 3.3 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario establece que "[s]alvo prueba en contrario y sin perjuicio del Registro de la Propiedad, cuyos pronunciamientos jurídicos prevalecerán, los datos contenidos en el Catastro Inmobiliario se presumen ciertos".

(ii) Posteriormente, na mesma finca construíuse a Estación de Tratamento de Auga Potable (ETAP). Así o acredita o expediente de contratación para adxudicación do proxecto da obra da ETAP no marco do Plan 2000 de Infraestruturas da Deputación Provincial da Coruña, anualidade de 1998. Neste expediente de contratación figuran dúas certificacións emitidas pola Secretaría-Intervención do Concello nas que se fai constar que a entidade local dispuña dos terreos do devandito inmovible para executar as obras da ETAP. Isto é, a ETAP construíuse sobre o solo do inmovible con referencia catastral 5514202nj7251s0001gm porque o Concello dispuña dese solo xa dende 1986.

(iii) O principal indicio de que o ben inmovible "ETAP EN AGRA DE ARRIBA – SAN SADURNIÑO" pertence ao Concello atópase no seguinte feito: no citado ben sitúanse as infraestruturas públicas municipais destinadas a prestar o servizo público de abastecemento domiciliario e depuración de augas: o depósito de auga e a ETAP, ambas de titularidade municipal. Estamos, polo tanto, ante un ben inmovible que está afectado ao servizo público municipal de abastecemento de auga dende o ano 1986 e, de xeito ininterrompido, ata a actualidade. Afectación que é pública e notoria, xa que en ningún momento se ocultou por parte do Concello a existencia das citadas infraestruturas sobre o inmovible.

En suma, todos estes elementos de proba e indicios son suficientes para considerar que o ben inmovible "ETAP EN AGRA DE ARRIBA – SAN SADURNIÑO", situado na finca con referencia catastral 5514202NJ7251S0001GM, é un ben municipal e ademais afectado a un servizo público.

3.- Á vista do anterior, o recurso de reposición formulado polo interesado Fernando Barro Sabín debe ser desestimado. A actuación do Concello respectou en todo momento o procedemento legalmente establecido: no marco dun procedemento de actualización e verificación do inventario municipal consonte ao establecido no artigo 33 do RBEL, o Concello incluíu o citado ben no seu inventario con base en indicios claros de que tal ben é municipal e está afectado de xeito real e efectivo a un uso ou servizo público.

Asemade, a documentación achegada polo interesado non pode considerarse suficiente para considerar que o BEN "ETAP EN AGRA DE ARRIBA – SAN SADURNIÑO" non é propiedade do Concello ou que non está afectado ao servizo público de augas. En calquera caso, se o interesado considera que o devandito ben é da súa propiedade, o que debe facer é formular tal pretensión ante o xulgados e tribunais da orde

xurisdiccional civil, que son os único competentes para determinar a titularidade do ben.

Á vista dos anteriores antecedentes e alicerces xurídicos expostos, esta Alcaldía, no uso das súas atribucións, propón ao Pleno do Concello de San Sadurniño o debate e adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición interposto por Fernando Barro Sabín no seu propio nome e dereito, e en beneficio da comunidade hereditaria que ten constituída cos seus irmáns Ángel Barro Sabín e Pablo Barro Sabín, contra o acordo do Pleno do Concello de San Sadurniño do 11 de novembro de 2017 polo que se eleva a definitiva a aprobación do seu inventario municipal de bens.

SEGUNDO.- Notificar o anterior acordo a Fernando Barro Sabín, con advertencia dos recursos procedentes que poderá interpor contra el."

O Alcalde cédelle a palabra ao portavoz do goberno municipal, Xesús Soto, que explica que o recurso vén derivado das alegacións desestimadas no momento da aprobación definitiva do inventario, reproducíndose o contido das mesmas no recurso que se interpón contra o acordo plenario de aprobación do inventario e, como consecuencia, tamén a resposta ao mesmo vai no mesmo sentido que foi no seu día a desestimación das alegacións.

A portavoz do PSOE, Yolanda Vázquez, manifesta que non ten nada que dicir.

O portavoz do PP, Manuel Romero, expón que xa no momento de resolución das alegacións, o seu grupo propoñía agardar a contar con informe do Secretario Municipal para saber se a familia que interpoñía as alegacións era a propietaria dos terreos nos que se atopa o depósito municipal de auga. Dado que naquel momento se abstiveron por ese motivo, anuncia a mesma posición de abstención ante a imposibilidade de actuar como xuíces e tomar parte por unha parte ou outra.

O portavoz do goberno manifesta que as persoas que forman parte da corporación municipal deben tomar parte polos intereses xerais e non defender intereses particulares de ninguén. Expón que ante o recurso de reposición interposto debe responderse nun prazo, polo que a falla de informe do Secretario municipal non pode servir para non contestar, tendo en conta a situación de baixa por razóns de saúde na que se atopa o Secretario municipal. Manifesta tamén que obra no expediente un informe xurídico ben fundamentado e que contan tamén con un informe verbal da asesoría xurídica da Deputación Provincial ratificando o contido e fundamentación do informe escrito que consta no expediente. En base ao exposto, anuncia a postura do goberno municipal no mesmo sentido que recolle o informe que é, ademais, a defensa dos intereses xerais e non os intereses que o Partido Popular parece que sempre quere defender que son os contrarios ao interese xeral do Concello.

O portavoz popular replica manifestando que non é así, pero que se non existe documentación que acredite unha cesión ou unha compra dos terreos non pode tomar parte porque cada unha das partes di unha cousa distinta.

O portavoz do grupo de goberno reitera que hai documentación fehaciente, entre a que se atopan certificados de titularidade emitidos polo Secretario-Interventor para levar a cabo os investimentos públicos que se realizaron neses terreos, que acreditan a titularidade municipal. O Sr. Soto asegura

que doutro xeito, non entendería que se realizasen investimentos de miles de euros nunha parcela que non fose municipal. E manifesta que, ademais, a parcela da que se trata está inscrita catastralmente a nome do Concello de San Sadurniño desde o ano 1995 e no inventario de bens desde o ano 1986, sen que houbera reclamacións nin ao inventario de 1986 nin o de 1995. Sinala que só pode existir un interese político para que non se adopte un acordo unánime no pleno municipal, xa que está todo moi ben fundamentado.

O Alcalde manifesta que do que se trata é de ratificar un inventario de bens que realizou a Deputación e no que basicamente se recolle o que aparecía no anterior inventario de bens realizado cando xa ocupaba a Secretaría municipal o mesmo Secretario que actualmente, o que garante que se naquel momento se incorporaran ao inventario bens que non foran titularidade do Concello de San Sadurniño existiría advertencia ao respecto. Ademais, o abastecemento de auga é público e notorio que é do Concello de San Sadurniño desde antes do actual goberno municipal e da actual corporación, polo que non se pode deixar de incluír un ben que figuraba como público polo mero feito de que alguén particular diga agora que é da súa propiedade. Advirte que a postura do Grupo Municipal do BNG será un acto de responsabilidade ao votar a favor de desestimar o recurso de reposición presentado.

Rematada a quenda de intervencións, procédese á votación, **resultando aprobada a proposta da Alcaldía con 7 votos a favor e 4 abstencións.**

4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA SOLICITAR O ARRANXO DO TREITO IGREXAFEITA-ESPIÑAREDO DA AC 861.

Consta no expediente a proposta da Alcaldía que se reproduce a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A SOLICITUDE DE ARRANXO DO TREITO IGREXAFEITA – ESPIÑAREDO DA ESTRADA AC-861"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O estado de deterioro no que se atopa a capa de rodadura da estrada comarcal AC-861 no treito comprendido entre Igrexafeita e Espiñaredo é de sobras coñecido por todas as persoas usuarias desta estrada. Estes usuarios e usuarias e o vecindario da zona levan anos sufrindo estas consecuencias negativas. Este deterioro, como é sabido, é debido á total ausencia de labores de mantemento e principalmente desde a entrada en servizo da Autovía AG-64.

Malia isto, a AC-861 segue a soportar todo o tráfico pesado orixinado polo transporte das palas dos aeroxeneradores que se fabrican nas Somozas e que son transportadas ao porto de Ferrol, así como o tráfico pesado do transporte do carbón á central térmica das Pontes nas horas do descanso do persoal dedicado ao dito transporte.

Xa no ano 2010 este Concello puxo en coñecemento da Dirección Xeral de Infraestruturas esta cuestión e mesmo foi obxecto dunha pregunta en sede parlamentar sen que fora atendida a demanda. E dende aquela a situación seguiu empeorando.

Recentemente a Asociación veciñal de Igrexafeita trasladou ao Concello a súa inqueda por este asunto, instándoo a que solicitase da Xunta de Galicia unha pronta solución.

Por todo o antedito, esta Alcaldía, no uso das súas atribucións, realiza a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- O Pleno do Concello de San Sadurniño solicita da Consellería de Infraestruturas e

Vivenda a reparación do firme do tramo da estrada AC-861 comprendido entre Igrexafeita (San Sadurniño) e Espiñaredo (As Pontes).

SEGUNDO.- Enviar o presente acordo a todos os Grupos Políticos con representación no Parlamento Galego, para que teñan en consideración na súa acción política esta esixencia.

TERCEIRO.- Comunicarlle o presente acordo ao Presidente da Xunta e á Conselleira de Infraestruturas e Vivenda."

O Alcalde cédelle a palabra ao Portavoz do goberno municipal que manifesta sucintamente que isto é unha nova medida a utilizar como instrumento para trasladar a vontade popular do pobo de San Sadurniño a respecto do arranxo das infraestruturas que están nun estado lamentable de total esquecemento por parte da Xunta de Galiza, a pesar de que o goberno municipal se ten dirixido en numerosas ocasións a esta administración para solicitar os traballos de mantemento desta estrada desde o ano 2009 e tamén o propio grupo municipal do BNG presentara unha moción que fora aprobada por unanimidade no ano 2010 con este mesmo contido. E a pesar de todo isto, non houbo o máis mínimo investimento. Indica que aínda que exista unha autovía, esta vía de comunicación é moi utilizada por veciñas e veciños de Igrexafeita para o acceso á parroquia e tamén por outras persoas usuarias. Por isto solicitan unanimidade para reclamar aos organismos competentes actúen. A portavoz do PSOE anuncia que está de acordo.

O portavoz municipal do PP di que concorda coa proposta xa que os camiños e vías precisan de mantemento. Propón, igualmente, incluír na proposta pedir á Xunta que, dado que procederá ao acondicionamento da estrada Ferrol-Viveiro, se estude a posibilidade de incluír zonas para adiantar; xa que entenden que no Concello de San Sadurniño podería haber lugares nos que se habilitaran esas zonas para axilizar o tráfico. Tamén queren propoñer ao Concello que se incrementen os puntos de luz na zona de entrada e saída da autovía para aumentar a seguridade viaria.

O Alcalde manifesta que por unha cuestión de forma non pode incluírse nunha demanda á Xunta algo que tería que facer o Concello, polo que o grupo popular debería presentar outra proposta dirixida ao Concello.

O portavoz do goberno municipal reitera o estado lamentable da estrada Igrexafeita-Espiñaredo e a falla de investimento na mesma desde a construción da autovía, polo que consideran que a proposta que se presenta vai no sentido correcto. Lamenta que a Xunta non teña contratos para o mantemento deste tipo de vías, como fai a Deputación da Coruña nas vías da súa titularidade. Manifesta tamén que o anuncio de contratación de mantemento de determinadas vías que sacou a Xunta non contempla ningún tramo que discorra polo concello de San Sadurniño, polo que considera que cómpre afondar aínda máis na petición da proposta da Alcaldía que se está a debater. Rematada a quenda de palabras, sométese a votación **resultando a proposta da Alcaldía aprobada por unanimidade.**

5.- MOCIÓN DO BNG EN APOIO Á FOLGA INTERNACIONAL DE REIVINDICACIÓN FEMINISTA DO 8 DE MARZO.

O Alcalde cédelle a palabra á Concelleira de Igualdade, Ana B.Gundín, que dá lectura á moción presentada que se reproduce a continuación:

"A folga feminista do 8 de marzo pretende ser unha chamada de atención, dende o ámbito local máis próximo ao internacional, sobre a desigualdade e invisibilidade que historicamente sofren as mulleres, co obxectivo de esixir a mellora das súas condicións sociais e laborais para combater as discriminacións

laborais agravadas polas medidas aplicadas baixo a coartada da crise económica.

A fenda salarial en Galiza é do 23%, pois mentres o salario medio anual dos homes estímase en 20.243 euros o das mulleres só chega aos 15.730 euros, ao que hai que engadir que os contratos a tempo parcial, temporal e descontinuo son maioritariamente femininos, o que repercute na baixa cotización, soldo, prestación do paro e das pensións. En San Sadurniño hai 77 mulleres rexistrada no paro e 70 homes, segundo os últimos datos da Xunta, o que representa unha porcentaxe do 10 % superior de desemprego por razón de sexo. Máis aínda, no laboral as mulleres galegas sofren a inexistencia dun marco de relacións laborais galego que axude a negociar melloras para os traballos feminizados do noso país, como a conserva, ademais de sufrir as consecuencias das reformas laborais do goberno central, lesivas para a clase obreira, e a desatención de Xunta e Estado ao fomento de políticas activas contra a discriminación laboral sobre as mulleres. Por outra banda, ao tempo que cobran menos de media e sofren máis precariedade, no ámbito do consumo foméntase que as mulleres teñan que adquirir produtos máis caros que aplican a denominada "taxa rosa" cando están dirixidos ao mercado feminino, ademais de gravar os produtos básicos de hixiene cun 21% de IVE.

Por causa do sistema patriarcal e da realidade socioeconómica, as mulleres sofren máis atrancos na conciliación da vida familiar e laboral, para o que se fai necesario mudar ideas, comportamentos e mesmo leis para poder garantir a igualdade de dereitos e de oportunidades. Tampouco se recoñecen as tarefas domésticas e de coidado familiar, por iso esta convocatoria tamén pretende chamar a atención sobre os coidados e as tarefas. Durante a crise, esta situación agravouse e o deterioro dos servizos públicos agrava unha desigualdade que, superado o ciclo económico da recesión, busca consolidarse. Desta forma, os datos demostran que son maioritariamente as mulleres as que optan por xornadas parciais ou excedencias para coidar crianzas e maiores, moi por riba da poboación masculina. No caso das excedencias, por exemplo, no 2017 foron solicitadas por mulleres 1.078 fronte a 132 pedidas por parte de homes.

A convocatoria do 8 de marzo aspira a ser transversal para mudar, dende o cotiá, o sistema articulado baixo as ordes do patriarcado, do capitalismo, do racismo, da emigración e da depredación ambiental. Por estes motivos, esta folga pretende incidir no ámbito laboral, de coidados, estudantil e de consumo.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO.- O Concello de San Sadurniño apoiará a convocatoria desta folga de mulleres prevista para o 8 de marzo de 2018 no marco dunha xornada internacional de paros e mobilizacións para reivindicar a igualdade de oportunidades nas condicións de traballo, na esfera social e no dereito a vivir sen violencias.

SEGUNDO.- O Concello de San Sadurniño realizará un chamado a participar nas mobilizacións convocadas polo movemento feminista galego e a secundar a manifestación nacional unitaria."

A continuación prodúcense as seguintes intervencións que sucintamente se reproducen.

A portavoz do PSOE, Yolanda Vázquez, manifesta a súa conformidade co contido da moción.

O portavoz do PP, Manuel Romero, anuncia que o seu grupo non vai respaldar esta folga por pretender un enfrontamento entre homes e mulleres, por considerala elitista e insolidaria e que pretende romper o modelo da sociedade occidental na que máis teñen avanzado os dereitos das mulleres e que permite que neste momento en España estean traballando máis mulleres ca nunca e que sexa o país de Europa no que se está a crear máis emprego ocupado por mulleres. Tamén onde hai máis presenza nos parlamentos. Tamén cualifica a folga de irresponsable e frívola por trasladar a unha folga xeral a violencia de xénero cando se ten dado un acordo maioritario no Estado para ese

tema no pacto de Estado. Anuncia que eles o 8 de marzo celebrarán os logros acadados e seguindo a traballar para romper as barreiras que aínda teñen as mulleres no relativo á creación de emprego, promovendo a muller no ámbito laboral, no eido da maternidade como dereito, na brecha salarial e das pensións, no ámbito da violencia de xénero e sen caer en falsos debates gramaticais e absurdos que non fan ás mulleres máis libres nin producen os cambios necesarios. Anuncia o voto en contra da moción do Partido Popular.

A Concelleira de Igualdade replica que a argumentación podería valer se fose real que desde o goberno central se puxeran en práctica todas esas cuestións e as mulleres puideran conciliar os traballos cos coidados de fillas e fillos sen ter que renunciar ao emprego e máis homes pediran os permisos e excedencias, onde os salarios foran equiparados entre mulleres e homes; pero non é o caso. Manifesta que os homes non deben ter medo a unha folga de mulleres na que se reivindicuen os dereitos das mulleres e se poña en valor o traballo feminino que, en moitas ocasións, non está valorado.

O Alcalde manifesta que o número de mulleres nos parlamentos non vén determinado polas políticas do Partido Popular, senón porque existe unha lei que obriga a que as candidaturas inclúan un mínimo do 40% de mulleres aprobada durante o goberno de Zapatero coa oposición á mesma do Partido Popular.

Finalizada a queda de intervencións, procédese á votación, **resultando aprobada a moción por 8 votos a favor e 3 votos en contra.**

O Alcalde anuncia a inclusión dunha **proposta, que se coñeceu unha vez convocado o pleno, para incluír por vía de urxencia; relativa ao cambio dunha entidade perceptora dunha subvención nominativa que se atopaba aprobada nos orzamentos**, polo que procede que o cambio sexa sometido a criterio do pleno municipal. Acórdase a inclusión deste punto por unanimidade.

Preséntase a proposta do Concelleiro de promoción Económica que literalmente di:

"PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE TITULARIDADE NA SUBVENCIÓN PARA A XESTIÓN DO APIARIO MUNICIPAL RECOLLIDA NO ORZAMENTO 2018

A AGA Ferrolterra e o Concello de San Sadurniño levan tempo colaborando e traballando a prol da apicultura e da defensa das abellas, como elo esencial que son ecosistemas agrícola e naturais.

Neste senso, no ano 2011 asinouse o primeiro convenio de colaboración entre as dúas entidades, de cara a colaborar na creación dun Colmear didáctico, na finca da Cortiña, propiedade do Concello.

Transcorridos xa varios anos, onde a colaboración foi fluída e cordial por ambas as partes, o Concello considera que é preciso dar unha volta á xestión do colmear e da colaboración coas entidades da comarca relacionadas coa apicultura.

As Administracións públicas teñen a potestade de asinar convenios de colaboración con entidades sociais de cara a colaboraren no logre dunha serie de obxectivos comúns e centrados na mellora dos servizos ou da calidade de vida da cidadanía.

Neste senso, o Concello de San Sadurniño ten asinados diferentes convenios con asociacións de ámbito deportivo, cultural, ambiental e de promoción da agricultura e o sector primario, entre os que estaba o convenio coa AGA.

Nomeadamente no que ten a ver coa apicultura, o Concello considera que esta actividade é fundamental dende o punto de vista ambiental, cultural e mesmo económico, para o noso territorio. Por iso mantén relacións coa AGA Ferrolterra, pero tamén con outras entidades que tamén están a traballar neste eido na nosa comarca, como pode ser o caso concreto da Casa do Mel.

Chegado este momento, e logo dos bos resultados obtidos da relación coa AGA Ferrolterra, consideramos

que, co obxectivo de tratar de promover a igualdade de oportunidades entre as entidades citadas, e feitos os trámites de negociación pertinentes coas mesmas, acordouse coa entidade Casa do Mel de As Pontes proceder á sinatura dun convenio de colaboración cun contido nos mesmos termos que os levados a cabo nos últimos anos. Cómpre que se trata dunha entidade próxima xeograficamente, e na que participa un número importante de persoas con colmeares en San Sadurniño.

Polo tanto, as razóns que nos levan a realizar este cambio se deben a que o Concello considera que no momento actual, e por razón de interese público, é máis acaído asinar dito convenio coa entidade anteriormente citada.

Por todo isto, sométese a consideración do Pleno Municipal o **acordo** seguinte:

- 1. Modificar o titular da subvención recollida no orzamento de 2018 para a xestión do colmejar municipal recollida no artigo 48 de subvencións a familias e institucións sen ánimo de lucro, proponendo que sexa entidade Asociación Casa do Mel de As Pontes quen vai facer esa colaboración co Concello de San Sadurniño."**

O Alcalde cédelle a palabra ao portavoz do goberno municipal que explica que se refire á entidade que xestiona o colmenar municipal da finca da horta de froiteiras que está sendo xestionado desde o 2011 pola Asociación Galega de Apicultura que é unha asociación sen ánimo de lucro. Neste momento, tras a negociación das condicións de xestión considérase máis apropiado asinar un convenio de colaboración para a xestión do 2018 coa Casa do Mel de As Pontes que tamén é unha asociación sen ánimo de lucro. Dado que no orzamento figuraba unha subvención nominativa para esta finalidade, procede modificar esa parte do orzamento para que dita subvención nominativa poida ser recibida pola nova entidade xestionadora. Polo tanto, proponse que a entidade perceptora da subvención nominativa para a xestión do apiario municipal sexa a Casa do Mel de As Pontes, en lugar da Asociación Galega de Apicultura que recollía inicialmente o orzamento municipal.

Non se producen intervencións, polo que se procede á votación da proposta; sendo aprobada **por unanimidade** a proposta presentada co **ACORDO tal e como figura na mesma.**

O Alcalde pregunta, antes de pasar ao punto de rogos e preguntas, se hai algunha moción por vía de urxencia. Non habendo mocións de urxencia, pásase ao seguinte punto.

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

O portavoz do PP di que ten un rogo relativo á publicación de fotos de menores nas actividades que organiza o Concello. Solicita que nas actividades municipais se pregunte previamente sobre o consentimento para a publicacións das imaxes tomadas nas mesmas.

O Alcalde informa que a empresa que leva a comunicación municipal cumpre o contido da Lei Española no relativo á protección de datos e aos mandados da Axencia Española de Protección de Datos, figurando as consecuencias do incumprimento desa lei expresamente no contrato, xa que se estaría a incorrer nun delito. Así, nas actividades que organiza o Concello, inclúese a prestación do consentimento para esta cuestión nas propias fichas de inscrición nas mesmas.

A portavoz do PSdG-PSOE pregunta con respecto á adxudicación provisional da venda da escola de Naraío se a adxudicación definitiva vai ser para a mesma que a provisional por 62.000 euros. E a que se vai destinar o diñeiro obtido pola venda, se figura no expediente da venda. O Alcalde resposta que si, xa que é a oferta máis alta. Manifesta que ese diñeiro se incorpora como ingreso ao orzamento

municipal e que no expediente non recolle destino específico, forma parte da partida de ingresos recollida no orzamento municipal como alleamentos que na execución se verá se se cumpriu ou non co previsto na mesma que, cumprindo co principio de caixa única, se destinan a cubrir os gastos que teña o Concello.

A portavoz do PSdG-PSOE reitera que o seu grupo xa non estivo de acordo coa venda no seu momento, por ser un ben que cederan os veciños e tamén porque o prezo de venda é inferior ao custo que tivo no seu momento. Pregunta se é legal vender por debaixo do prezo de custo. O Alcalde resposta que o ben non tivo custe, dado que era do Concello e que o prezo de venda vén marcado por unha peritación técnica, cuxo informe se contén no expediente.

O portavoz do Partido Popular pregunta se durante este ano se vai contar con disposición de locais para os grupos municipais. O Alcalde resposta que se fixo unha memoria e que hai previsión de que durante este ano se poida executar ese proxecto, aínda que ten máis custo do que se estimaba inicialmente xa que a adecuación de locais no antigo bar da casa da cultura supón ter que realizar traballos de reparación no teito, xa que entra auga pola fachada, supondo intervencións máis custosas do que se prevía inicialmente. En calquera caso, manifesta que actualmente é posible a utilización por parte dos grupos municipais de calquera local público, sempre que exista dispoñibilidade, sen máis que unha mera notificación.

A concelleira do Partido Popular, Belén Trigo, pregunta polas respostas ás alegacións ao PXOM que foron realizadas no seu momento. Pregunta tamén pola autorización de obras unha vez transcorridos dous anos desde a aprobación inicial do PXOM e se iso supón comezar de cero de novo. O Alcalde resposta que a elaboración dos Plans Xerais desde o ano 2002 está sendo tediosa para todos os Concellos como consecuencia dos continuos cambios normativos na lexislación do solo. Informa de que o Concello de San Sadurniño está aínda pendente, para poder realizar a aprobación provisional, dun informe de Augas de Galicia que está a esixir que os abastecementos de auga pública de núcleos urbanos estean rexistrados en Augas de Galicia, sendo a realidade que a inmensa maioría de abastecementos están sen legalizar. O Concello de San Sadurniño leva dous anos e medio cos trámites para a legalización dun abastecemento que é dos anos 60 porque as taxas de reposición impostas nas administracións polo goberno do Estado supoñen que as administracións que teñen que informar acumulen retrasos importantísimos na emisión de informes por falta de persoal. Ademais, produciuse un cambio no contrato, xa que a empresa adjudicataria inicial foi comprada por inversores chineses e adoptaron a decisión de non elaborar planeamentos, polo que foi precisa a subrogación no contrato, levando eses trámites seis meses. Esta empresa realizou algunhas xestións para axilizar a tramitación, como a resposta ao informe emitido por Patrimonio o verán pasado. Unha vez Patrimonio emita novo informe, tendo en conta a documentación achegada tras o informe inicial, e emitido informe por Augas de Galicia, poderá enviarse ao departamento de Urbanismo para proceder á aprobación provisional, sendo a última fase que ten o Concello. Non obstante, en canto a empresa teña asinado formalmente a cesión do contrato contestará unha a unha as alegacións; sendo aceptadas máis do oitenta por cento. Despois diso será a Xunta quen teña que aprobar o Plan Xeral e xa se verá o tempo que tarda a aprobación definitiva, que non é responsabilidade do Concello.

O Alcalde tamén explica que, ao transcorrer dous anos da aprobación do PXOM, se levanta a prohibición de outorgar licenzas de obra maior e poden volver outorgarse onde estaba permitido nas Normas Subsidiarias, que actualmente están en vigor.

A concelleira do Partido Popular, Belén Trigo, pregunta que débeda ten o Concello de San Sadurniño co Consorcio polo do Centro de Día. O Alcalde explica que non hai ningunha débeda, xa que se ingresaron 40.000 euros correspondentes ás liquidacións do ano 2017 que se realizaron desde o Consorcio.

Ás 12:16 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria accidental, dou fe.

San Sadurniño, mércores 28 de marzo de 2018

A Secretaria accidental, Mónica Cibreiro Caneiro

O alcalde, Secundino García Casal